

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Decisión da Comisión Europea de data 12 de febreiro de 2015 aprobou o Programa Operativo “Galicia” correspondente ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020. Unha das medidas recollidas neste programa operativo refírese ao apoio ao desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sostible, mediante a execución de sendas peonís e ciclistas. Con este fin asígnanse 28 millóns de euros de fondos europeos. Tendo en conta que a taxa de cofinanciamento asignada a Galicia é do 80 %, iso implica que ata o ano 2020 a Xunta de Galicia vai dispor de 35 millóns de euros para desenvolver esta medida.

Segundo as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia, o vindeiro ano 2016 será o primeiro no que se poida realizar gasto autonómico con este fin, e no concello de Santiago de Compostela a Axencia Galega de Infraestruturas ten redactado o proxecto de “Senda peonil, estrada AC-543, Santiago - Noia, Pk 0+000 ao 2+000”, que ten por obxecto a construción dun itinerario peonil seguro e accesible, que permita a circulación de peóns pola marxe dereita da estrada AC-543 Santiago-Noia, nas parroquias de Laraño e Vidán, comunicando os devanditos núcleos de poboación co núcleo urbano de Santiago de Compostela.

Este itinerario peonil estenderíase ao longo de 2 km. na marxe dereita da estrada AC-543 e de dous pequenos tramos na marxe esquerda, coa finalidade de separar o tráfico rodado do peonil. Así mesmo dotaríase á vía dun axeitado sistema de drenaxe de augas pluviais e colocaríanse canalizacións para redes de servizos baixo da senda.

Coincidindo con esta senda pola estrada autonómica e como complemento dela, o Concello podería acometer, pola súa parte, a construción dun pequeno itinerario peonil a través da rúa da Xunlla, na pista que desde a AC-543 conecta co núcleo de Laraño

Trátase dun treito duns 250 metros que serve para conectar coa Residencia “Juan Vidán Torres”, da Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Santiago (ASPAS). Neste tramo tiña previsto actuar a finais do pasado mandato o Goberno municipal, xunto con outras obras, para as que tiña habilitado unha partida conxunta de 800.000 euros de remanentes do orzamento anterior.

Segundo as estimacións realizadas, a obra podería executarse nuns 4 meses e o seu orzamento nos superaría os 70.000 euros, polo que podería ser asumible dentro das posibilidades orzamentarias do propio Concello e sería un bo complemento para a obra principal a acometer pola Xunta de Galicia na estrada AC-543.

Tendo en conta o evidente interese que estes dous proxectos teñen para o Concello de Santiago de Compostela, institución que ten dado mostra de forma inequívoca da súa postura unánime para potenciar as vías ciclistas e peonís no termo municipal, e considerando tamén a oportunidade que supón a dispoñibilidade dos fondos europeos para este fin, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

***O Pleno insta ao Goberno municipal a:***

- 1. Solicitar da Xunta de Galicia a execución do proxecto “Senda peonil, estrada AC-543, Santiago - Noia, Pk 0+000 ao 2+000”, redactado pola Axencia Galega de Infraestruturas, con cargo aos fondos europeos destinados ao desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sostible mediante a execución de sendas peonís e ciclistas no programa operativo “Galicia” do período 2014-2020.***
- 2. Impulsar a construción dunha senda peonil na rúa da Xunlla, na pista denominada R-16-IV, que parte do p.k. 0+850 da estrada AC-543 Santiago-Noia para enlazar co lugar de Larañiño, nun itinerario duns 250 metros, que sirva de acceso peonil seguro á Residencia “Juan Vidán Torres”, da Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Santiago (ASPAS).***

**Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2015**



**Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular**

**Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela**